

# Regulamento“III CARREIRA SOLIDARIA SAN SILVESTRE ARZUA

A Concellería de Deportes do Concello de Arzua, organizan a III Carreira San Silvestre solidaria de Arzua.

Os participantes terán que situarse na saída 5' minutos antes do comenzo da proba. Celebrarase o día 28/12/2019 ás 11.00h con saída e chegada no salón multiusos Terra do Queixo.

A carreira constará de dúas voltas polo casco urbano e arredores da feira de gando ao circuito de 2500mts, en total 5000 mts e será saída única para todos os participantes. Esta é una proba de carácter Solidario para recaudar xoguetes para as familias máis necesitadas.

**INSCRICIÓNS** As inscricións poderán facerse previamente na páxina de [emesports.es](http://emesports.es) ata o xoves 26 de decembro ás 23:59h. Os datos obrigatorios para as inscricións son: dni, nome e apelidos, data de nacemento, sexo e localidade. O prezo das inscricións será a doazón dun xoguite, que se entregará o día da carreira ao retirar o dorsal, no mesmo lugar da saída ata as 10:30 da maña, ou sexa, ata media hora antes da saída da proba, non entregándose ningún dorsal despois desa hora.

Os atletas participarán cos dorsais tal e como son asignados pola organización, estando prohibido cortalo ou doblalo, debendo quedar ben visible o número e a publicidade. A carreira poderá completarse correndo, andando ou en bicicleta

**PREMIOS** Esta carreira ao ser de carácter solidario non contará con categorías, premiarase ós 3 primeiros masculinos e femininos, así como os tres primeiros locais, tanto masculinos como femininos.

Haberá algún premio tamen para os mellores disfraces ademais dunha foto no pódium so por vir disfrazados e algunha sorpresa máis.

**CONTROL DA CARREIRA** A organización contará coa axuda dos organismos oficiais municipais competentes que regularán o tráfico ao longo de todo o percorrido. Os participantes deberán situarse na saída 5 minutos antes do comenzo da proba. O control de chegada na carreira pecharase coa chegada do derradeiro participante correctamente identificado co dorsal correspondente. A entrega de trofeos está prevista a partir das 12:00 no multiusos terra do queixo. Para que a espera se faga máis amena, a organización disporá de bebidas e produtos típicos destas datas.

Coa entrega de premios faremos varios sorteos entre os participantes, repitirase o sorteo ata que apareza o gañador, co cal prégase quedar ata o remate destes.

Dispoñemos de gardarroupa, duchas no pavillon municipal ao remate da proba

CLÁUSULAS ADICIONAIS O Concello de Arzua, e os seus colaboradores non se farán responsables dos posibles danos morais, físicos ou materiais que así mesmos ou a outras persoas lles ocasionen os participantes nesta proba deportiva, nin outros que con motivo da competición poidan corresponder ante o seguro deportivo ou outra mutualidade.

Todo participante na proba permitirá a divulgación de imaxes desta. Todos os participantes, polo feito de toma-la saída, aceptan as presentes bases e regulamento que, en caso de dúbida, decidirá o comité organizador. Polo ben de todos, rógase aos participantes, acompañantes e demais público que presencie a proba, un comportamento exemplar cara aos compañeiros, público, organización e a proba en xeral. O descoñecemento destas bases e do regulamento non exime do seu cumprimento